

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE LALÍN PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR “LALÍN ACTIVA” PARA O EXERCICIO 2025.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2025

REUNIDOS

Dunha parte:

Dña. Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

D. José Crespo Iglesias, en calidade de alcalde do Concello de Lalín (Pontevedra), con número de Identificación Fiscal P3602400H, e enderezo na Praza de Galicia nº 1, tal como se reflicte na acta da sesión de constitución deste concello, que tivo lugar o día 17 de xuño de 2023, en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo nomeamento do Pleno efectuado o día e polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Segundo.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que con carácter específico, lle corresponden, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Terceiro.- Que o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, unifica os criterios nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións ás entidades locais galegas para evitar disfuncións administrativas e inseguridade xurídica e establecer unha serie de mecanismos que teñan como principio inspirador a lealdade institucional nas relacións subvencionais entre a Administración autonómica e as entidades locais.

Cuarto.- De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, letra i), da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- f) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- g) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- h) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- i) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- j) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- k) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- l) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da referida Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais comunitarios específicos, en

coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente. Así no seu artigo 64, prevé que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Quinto.- O carácter singular que motiva a concesión dunha subvención directa a través do presente convenio, en base ás razóns que acreditan o interese social das actuacións a subvencionar, radica na análise das circunstancias demográficas do Concello de Lalín, xa que por un lado, a idade media da poboación nas áreas parroquiais é de aproximadamente 53 anos e cun total de poboación de 65 anos ou máis de 5.250 persoas, e por outra banda, unha porcentaxe significativa das persoas maiores de 55 anos ou máis deste Concello teñen dificultades para afrontar os problemas propios da idade, participar no tempo de ocio, desfrutar do cotián e ocupar o tempo libre de xeito satisfactorio. Esta situación pode levar consigo un risco de progresivo illamento social e de exclusión que se agrava máis nas parroquias máis rurais.

No Concello de Lalín moitas persoas maiores conviven coas súas familias e debido ás ocupacións laborais destas pasan moito tempo en soidade, da mesma maneira a familia e as persoas responsables destes/destras maiores inverten boa parte do seu tempo na súa atención, o que acorta de maneira importante a dispoñibilidade de tempo para realizar actividades laborais, de tempo libre e ocio.

Por outra parte hai persoas, maioritariamente mulleres, que se ven afectadas nas súas posibilidades de acceder a un posto de traballo por ser as principais coidadoras destes familiares.

Por estes motivos, o Concello de Lalín estimou axeitado poñer en marcha *"Lalín activa"* un programa de actuación que facilitase a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e que tamén proporcionara un respiro familiar ás persoas coidadoras de maiores e ás persoas maiores propiamente, para prestarlles atencións específicas contribuíntes a manter ou mellorar as súas capacidades cognitivas, físicas e sensoriais, de xeito que poidan permanecer integradas perfectamente no seu contorno.

O concello de Lalín está inscrito como entidade prestadora de servizos sociais co número E-678 e recoñecido como tal, de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida (art. 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

O programa e actuacións a subvencionar a través deste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos, tales como:

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.
- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

O referido programa de "Lalín activa" e as actuacións teñen por finalidade:

- Promover alternativas de ocio gratificantes dirixidas ás persoas maiores para proporcionar un respiro familiar e un tempo de conciliación individual, familiar e laboral nos/as familiares coidadores/as habituais.
- Educar para o ocio dende contextos e espazos creativos.
- Ensinar a programar e ocupar de forma axeitada o tempo libre.
- Ter en conta as características e as necesidades individuais de cada persoa.
- Potenciar a participación activa e o ocio compartido tanto dentro das sesións do programa como potenciar que tamén se poida levar a cabo cos/coas coidadores/as habituais fóra do programa.

Así o exposto, as razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención radican na imposibilidade dunha convocatoria de carácter público. Segundo se recolle nos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia Así mesmo artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co artigo 55 do mesmo texto legal que habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública. Neste caso a singularidade e a especificidade dos servizos radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este programa que é o Concello de Lalín, entidade que polas características da súa demografía, xeografía e persoas beneficiarias do programa é única que o pode levar a cabo. Tendo en conta as características da poboación, agárdase que o número de persoas maiores usuarias do programa sexa de 250, 25 persoas usuarias por xornada e parroquia. Estímanse como beneficiarios/as directos e indirectos desta medida de conciliación aproximadamente 500 homes e mulleres de Lalín.

Sexto.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración para o financiamento do programa e actuacións no eido da atención ás persoas maiores, especialmente no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da concesión directa dunha subvención, do Programa de conciliación e respiro familiar “Lalín activa” de cara a proporcionar espazos de

esparexemento dirixidos ás persoas maiores de 55 anos ou máis partindo das necesidades de conciliación e respiro familiar demandadas polos seus familiares para fomentar a conciliación laboral e o tempo libre.

Este programa levarase a cabo no propio casco urbano e en 10 puntos xeográficos do Concello, que serán as parroquias rurais que cubran a maior parte do territorio do Concello (Botos, Cercio, Donramiro, Filgueira, Goiás, Muimenta, Prado, Vilatuxe, Soutolongo e Lalín).

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

1. As actuacións do Programa de envellecemento activo e conciliación/respiro familiar "Lalín activa" son as seguintes:

- a) Estimulación cognitiva: orientación, atención, esquema corporal, percepción e abstracción. Actividades escritas e orais nas que se traballan capacidades como a memoria, a linguaxe, a escritura, o cálculo, a orientación, o recoñecemento e a atención.
- b) Estimulación sensorial.
- c) Dinámicas grupais: grupos de reminiscencia, grupos de actualidade e debates.
- d) Actividades de psicomotricidade.
- e) Xogos de lóxica e de palabras.
- f) Manualidades e distintos obradoiros/charlas formativas para manter as habilidades e adquirilas.
- g) Apoio psicolóxico e motivación.
- h) Terapia Ocupacional dirixida á prevención, o mantemento e a recuperación das habilidades básicas para as actividades da vida diaria.
- i) A realización dos ciclos formativos dirixidos as persoas maiores de 55 anos pertencentes ao Concello de Lalín sobre a saúde e o benestar, que se indican:
 - "A importancia da hixiene bucodental".
 - "Menopausia e postmenopausia".

- "A Intelixencia emocional ante a soidade non desexada".
- "Como convivir co deterioro cognitivo".
- "A Escola de Coidadores: o coidado das persoas que coidan".
- "O domicilio e os seus perigos".

j) Realización de actividades de corte físico, de ocio e de relacións interpersoais: as actividades de corte físico pretenden crear hábitos nas persoas usuarias e levar a cabo sesións de ximnasia e rehabilitación física para mellorar a coordinación funcional, a mobilidade e, en xeral, o desenvolvemento das actividades psicomotrices e as sesións lúdicas e festivas teñen como finalidade favorecer as relacións sociais dos/as usuarios/as tanto con usuario/as da súa xeración como actividade interxeracional. As actividades que teñen cabida neste apartado son as seguintes:

1º. Liñas formativas:

As actividades que se pretenden desenvolver, sen ánimo exhaustivo, son: pintura e acuarela, historia da arte, manexo de smartphone e informática, estimulación cognitiva e inglés, ou calquera actividade con características sellemantes que favorezan o envellecemento activo as persoas maiores de 55 anos pertencentes ao Concello de Lalín .

2º. Actividades de corte físico (musicoterapia):

A musicoterapia ten como finalidade potenciar e/ou restaurar funcións do individuo e mellora da calidade de vida a través da prevención, a rehabilitación ou o tratamento. O seu obxectivo é a aplicación de actuacións de estimulación psicomotriz dirixidos a persoas maiores de 55 anos para atrasar a deterioración psicobiolóxica asociado ao envellecemento e que impiden o mantemento da independencia funcional.

3º. Actividade interxeracional e lúdico-festivas "A idade de ouro en movemento". É unha actividade interxeracional do Concello que terá lugar os domingos de 19:00 a 21:00 aproximadamente e pretende dar resposta ao fenómeno do envellecemento activo demográfico, ao fomento da cultura musical no Concello de Lalín e das actividades interxeracionais.

k) Información sobre a avaliación de participantes, necesidades que se detectan, tanto implícitas como explícitas, avaliación a nivel cognitivo, inquietudes, se amosan sintomatoloxía depresiva ou soidade, información dos recursos que lles poidan proporcionar dende as distintas Administracións e toda aquela información relevante para as familias que favorezan a conciliación e o respiro familiar.

2. A través destas actuacións preténdese:

a) Realizar un diagnóstico tanto a nivel individual como grupal, da situación e das necesidades respecto do tema do ocio das persoas maiores de 55 anos usuarias do programa.

b) Incrementar a motivación para o emprego dun ocio creativo das ditas persoas maiores tendo en conta as súas capacidades, o momento vital no que se encontran e respectando o ritmo de cambio de cada unha delas.

c) Intentar acadar a mellora psico-física da persoa maior a partir das diversas actividades de animación para achegarlles estas sesións do programa como un espazo no que compaxinar aprendizaxe, creación e diversión. Un espazo que vai máis aló do mero "pasatempo" que pretende converterse en motivo de crecemento, expresión persoal e encontro con outros.

d) Potenciar as capacidades dos/as usuarios/as para detectar e tomar coñecemento do positivo das pequenas cousas da vida cotiá, das actividades en familia ou das relacións interpersoais e descubrir actividades posibles e sinxelas a realizar de forma planificada.

e) Desenvolver a dimensión social do ocio estimulando a participación no entorno comunitario máis próximo mediante o fomento de actividades de carácter participativo e de relación, de forma que se favorezan as relacións interpersoais en ambientes fóra do entorno habitual, dentro do fogar, así como encontros interxeracionais.

3. O traballo das sesións do programa apóiase con diferentes materiais, que facilitan a exposición dos contidos das actividades de activación para maiores, a comprensión dos mesmos e a participación dos/as usuarios/as. Cóntase con material audiovisual, emprego de tecnoloxías da información e comunicación (TICs) para a estimulación cognitiva, xogos, e outras informacións escritas, vídeos e outros soportes que poidan resultar interesantes para o programa.

4. En canto aos medios persoais, o perfil de profesionais que desenvolverán as actuacións anteriormente mencionadas do programa “Lalín Activa” será: animador sociocultural, traballador/a social, educador/a social, psicólogo/a, pedagogo/a ou calquera que garde relación directa coa prestación das actividades.

4. Este programa executarase durante a anualidade do 2025, en sesións cunha duración de 240 minutos en horario continuado de 9:30 – 13:30 e 16:30 - 20:30 horas de luns a venres.

O Programa desenvolverase en sesións de grupo seguindo un enfoque metodolóxico eminentemente práctico, áxil, activo e participativo, adaptado ás características das persoas destinatarias e beneficiarias do programa.

Realizaranse periodicamente valoracións dos/as usuarios/as asistentes ás actividades do programa para obter e interpretar os datos necesarios para planificar e introducir cambios neste se fora necesario e, polo tanto, adaptalo ás necesidades específicas das persoas usuarias. O programa ten a suficiente flexibilidade como para permitir a súa adaptación aos distintos perfís de usuarios/as maiores de 55 anos, o modo como viven e entenden o seu tempo de espexemento.

TERCEIRA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Lalín presentará con carácter previo á sinatura do convenio o programa de actividades obxecto da concesión da subvención e a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

c) Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver o Concello de Lalín é de 84.000,00€.

Segundo a Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

Para o cumprimento das actuacións descritas na cláusula segunda deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **setenta e cinco mil euros (75.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actuacións e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial do importe da subvención, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

- c) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións que conforman o programa obxecto da subvención a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen: “subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade”, co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

2. Asemade, o Concello de Lalín, en tanto que entidade beneficiaria dunha subvención, estará obrigado a subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. Compatibilidade con outras subvencións

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actuacións que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o Concello nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 25% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 75% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actuacións a subvencionar a través do convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava da conta xustificativa.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

Son gastos subvencionables polas actuacións do programa a subvencionar a través deste convenio, os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

O Concello está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados de conformidade co establecido no Decreto 193/2011, de 6 de outubro.

O Concello está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade, o cumprimento das actuacións que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio, a realización das actuacións e o seu custo real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda. Segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- 1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución do programa a subvencionar a través deste convenio e dos resultados acadados.
- 2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ás actuacións subvencionadas, coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións subvencionadas con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Asemade, con carácter previo ao pagamento do anticipo e no momento da xustificación final xunto coa conta xustificativa, no caso de opoñerse á súa consulta, deberase de achegar declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedora por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

En todo caso o prazo da xustificación total da subvención concedida a través deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2025**. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de 2025 de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2026.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á percepción da subvención, o que dará lugar á obriga do reintegro do seu importe, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Subcontratación

O Concello de Lalín é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Consellería de Política Social e Igualdade. Non obstante, poderá subcontratar a execución total das actividades, ata o 80% das actuacións financiadas a través do mesmo para a súa debida execución, de acordo co recollido na memoria económica. A

subcontratación vén motivada pola falta, por parte do Concello de Lalín, do persoal necesario para a execución das actuacións programadas.

Para estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins do programa a subvencionar a través deste convenio o Concello poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actuacións citadas. Así mesmo queda facultado para designar o persoal necesario para realizar as actuacións propostas.

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións obxecto do programa a subvencionar, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do dito programa.

O Concello de Lalín asume a responsabilidade respecto do persoal que leve a cabo as actuacións establecidas no programa a subvencionar a través deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas ou na demais normativa aplicable, así como polas causas de resolución previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actuacións a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nas actuacións descritas no presente convenio que realízase o concello dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. Información básica de protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa dunha subvención a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes deste. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes do Concello de Lalín, designados por cada unha das persoas representantes das partes, así como aos seus suplentes. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no Decreto 193/2011, do 6 de outubro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estas resolucións cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambas as dúas comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

Polo Concello de Lalín

A conselleira

O alcalde do Concello

Fabiola García Martínez

José Crespo Iglesias